



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o procedemento seguido para a creación dunha bolsa de emprego para postos de conductor de tractor-desbrozadora e labores de desbroce e limpeza de vías e espazos públicos, e publicada a lista definitiva o 8 de xuño e xa transcorrido do prazo de reclamacións e resoltas as presentadas.

Visto que o concello precisa cubrir dous postos de traballo de conductor de tractor- desbrozadora por prazo de tres meses, dende o 19 de xuño ó 19 de setembro de 2017.

Consonte o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no texto refundido la lei de contratos do Sector Público; pola presente, **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Realizar os chamamentos para estas prazas segundo a orde definitiva da lista da bolsa de emprego para conductor de tractor-desbrozadora e labores de desbroce e limpeza de vías e espazos públicos, deixando constancia no expediente dos mesmos e o seu resultado.

SEGUNDO.- Formalizar os contratos correspondentes coas persoas que corresponda.

TERCEIRO.- Publicar resolución na páxina web municipal no cumprimento do deber de transparencia das Administracións Públicas e segundo o disposto nas bases das listas correspondentes.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, en Barreiros a dezaseis de xuño de dous mil dezasete.

O alcalde

Ante min

A Secretaria

J. Alfonso Fuente Parga

Begoña Teijeiro Campo